

Convocatoria conxunta da Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) e da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se aproban as bases e se convocan os premios aos mellores proxectos de obras de arte con material de refugallo correspondentes ao programa “Recíclate con Sogama” 2019/20

No marco da Resolución do 23 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o Plan Proxecta e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional durante o curso escolar 2019/2020, encádrase a oitava edición do programa “Recíclate con Sogama”, promovido pola Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Esta iniciativa educativa pretende fomentar a aplicación práctica do principio europeo dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), propiciando que as boas prácticas ambientais na xestión sustentable dos residuos urbanos se estendan igualmente á contorna familiar e social do alumnado.

Co fin de recoñecer o traballo, esforzo e interese da comunidade educativa dos centros participantes neste programa, Sogama e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, convocan conxuntamente este concurso a través do cal se concederán premios a aqueles proxectos dos centros que se distinguen como unha boa práctica neste ámbito. O concurso axustarase ás seguintes bases:

Primeira. Obxecto

Esta convocatoria ten por obxecto convocar os premios aos mellores proxectos de reutilización de materiais de refugallo para obras de arte no marco do programa “Recíclate con Sogama”, promovido pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e canalizado a través do Plan Proxecta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Segunda. Alcance e temática.

Con este concurso preténdese promover o interese do alumnado pola reutilización e a reciclaxe, demostrando, dun xeito práctico e lúdico, que os residuos albergan un gran potencial e poden transformarse en recursos, converténdose incluso en verdadeiras obras de arte cun alto valor creativo.

A temática da obra será libre, pero debe levar implícita a reutilización de residuos.

Só se admitirá a presentación dunha obra por centro. Os candidatos deben aportar unha ficha (conforme ao modelo que figura no anexo) na que figuren os datos máis relevantes, isto é,

- Nome de centro escolar, coa información identificativa (endereço postal, teléfono de contacto, correo electrónico).
- Profesor/a que exerce os labores de coordinador/a do proxecto no centro a través do programa “Recíclate con Sogama” 2019/2020.
- Título da obra.

- Temática abordada.
- Mensaxe a transmitir.
- Tipos de refugallos utilizados na mesma e cantidades e porcentaxes de cada material.
- Tres fotografías da obra desde diferentes perspectivas (non debendo aparecer nas mesmas imaxes de persoas a fin de preservar a súa intimidade e garantir así a protección de datos de carácter persoal).

Terceira. Participación

Poderán presentar a súa candidatura a esta convocatoria os 25 centros participantes no programa “Recíclate con Sogama” do Plan Proxecta durante o curso académico 2019/20.

Cuarta. Premios e recoñecemento

- 1º premio: financiación dunha viaxe ao parque acuático de Cerceda, autobús (50-55 prazas) e entradas (50-55 en total) para acceder a este recinto de ocio e recreo, xunto cun diploma acreditativo.
- 2º premio: financiación do aluguer dun autobús (50-55 prazas) para gozar dunha xornada formativa, de lecer ou recreo en calquera lugar elixido polo centro dentro da comunidade galega, xunto cun diploma acreditativo.

3º premio: unha tableta, xunto cun diploma acreditativo.

No caso do primeiro e segundo premio, Sogama exonérase de calquera responsabilidade derivada do transporte, así como das actividades que leven a cabo os colectivos escolares.

Poderán concederse tamén accésits aos centros que, sen resultar gañadores, destacaran polo seu esforzo, creatividade e orixinalidade, sendo recoñecidos cun diploma acreditativo.

A persoa coordinadora e o profesorado participante nos proxectos premiados recibirán da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional unha certificación de premio de innovación educativa, cunha equivalencia en 30 horas de formación para o profesorado coordinador e 20 horas para o resto do profesorado.

Os premios faranse efectivos con cargo ao orzamento da Sociedade Galega do Medio Ambiente para o ano 2020 no que existe crédito axeitado e suficiente.

Quinta. Prazo de presentación

O prazo para a presentación dos proxectos, que deberán ser remitidos ao enderezo comunicacion@sogama.es, rematará o 1 de abril de 2020.

A difusión da convocatoria farase a través da propia Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e Sogama, utilizando para isto os medios á súa disposición e garantindo que a mesma chega a todo os centros destinatarios.

Sexta. Valoración dos traballos

Os criterios que se utilizarán para valorar os distintos proxectos realizados polos centros participantes son os seguintes:

- Porcentaxe de uso de materiais de refugallo.
- Creatividade e orixinalidade.
- Mensaxe medioambiental a transmitir.
- Valor estético e artístico da obra.

Sétima. Xurado

1. Os traballos que se presenten a esta convocatoria serán examinados e avaliados por un xurado constituído por:

- Presidencia: presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (Sogama) ou persoa na que delegue.
- Vicepresidencia: director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa na que delegue.
- Vogais:
 - Unha persoa asesora de innovación educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

- Unha persoa representante do Departamento de Comunicación de Sogama, que actuará como secretario/a.
2. De ser necesario, o xurado poderá contar co asesoramento de especialistas.
 3. Os premios anunciados poderán ser declarados desertos.

Oitava. Difusión e publicación

1. Sogama e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional poderán divulgar, a través dos seus propios medios (páxinas web, redes sociais e comunicados de prensa), os resultados desta convocatoria.
2. Os centros gañadores quedan obrigados a asumir as responsabilidades que puidesen resultar da utilización dos textos, das imaxes e doutros elementos creativos achegados na realización dos traballos e nos que a propiedade sexa de terceiras persoas ou entidades alleas a esta convocatoria.
3. A participación de menores nas reportaxes fotográficas que formen parte dos traballos deberá contar coa autorización por escrito dos proxenitores ou titores legais.
4. A participación nesta convocatoria supón a aceptación de todas as bases.

Novena. Protección de Datos.

De acordo co disposto no Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos, informámoslle que os datos facilitados incorporaranse á Actividade de Tratamento titularidade da SOCIEDADE GALEGA DO MEDIOAMBIENTE, S.A. con CIF número A 15.379.803 e domicilio social en Morzós, 10, San Román, Encrobas, 15187, Cerceda, Provincia de A Coruña. Os datos solicitados serán utilizados unicamente para o fin concreto do obxecto da solicitude autorizando a súa cesión a terceiros sempre que sexa necesario para a completa execución da finalidade mencionada.

Á súa vez, informámoslle que pode contactar co Delegado de Protección de Datos, da SOCIEDADE GALEGA DO MEDIOAMBIENTE, S.A., no enderezo de correo electrónico dpo@aysinnova.es.

Pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido á dirección arriba indicada. Así mesmo, e de igual xeito, pode revogar o consentimento prestado á recepción de comunicacións comerciais de conformidade co disposto na Lei 34/2002.

Santiago de Compostela, a 17 de febreiro de 2020

O presidente da Sociedade Galega
do Medio Ambiente, SA (Sogama)

 SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA
DO MEDIO AMBIENTE

Javier Domínguez Lino

O director xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación
Educativa



Manuel Corredoira López

ANEXO**MODELO FICHA TIPO**

NOME DO CENTRO	
CÓDIGO DO CENTRO	
ENDEREZO POSTAL	
MUNICIPIO E PROVINCIA	
TELÉFONO DE CONTACTO	
CORREO ELECTRÓNICO	
DOCENTE COORDINADOR/A DO PROGRAMA "RECÍCLATE CON SOGAMA" NO CENTRO (nome, apelidos, DNI e correo electrónico)	
DOCENTES PARTICIPANTES DO PROGRAMA "RECÍCLATE CON SOGAMA" NO CENTRO (nome, apelidos, DNI e correo electrónico)	
TÍTULO DA OBRA	
TEMÁTICA ABORDADA	
MENSAXE A TRANSMITIR	
TIPOS DE REFUGALLOS UTILIZADOS E PORCENTAXES DE CADA MATERIAL	
TRES FOTOGRAFÍAS DA OBRA DESDE DIFERENTES PERSPECTIVAS (Non deben aparecer imaxes de persoas). As fotografías deben remitirse a Sogama, xunto coa ficha (preferiblemente en JPG, e con boa calidade)	